

Estimado/a Director/a do IES Ribeira do Louro:

Desde o goberno municipal do Porriño seguimos a traballar para facer que este concello sexa mellor para todas e todos e para **que os nenos e nenas sexades uns dos protagonistas principais.**

Queremos que **Porriño sexa un concello onde os nenos e as nenas participedes das decisións importantes que vos afecten**, e polo tanto necesitamos consolidar un órgano de representación infantil dinámico e duradeiro.

Por isto quero convidarte xunto cos portavoces do voso centro que participaron no pleno do ano pasado Hugo Rodríguez Iglesias e Tatiana Rodríguez Domínguez, **a unha xuntanza que terá lugar o próximo xoves día 22 de marzo as 12:00 horas**, no salón de plenos do Concello, co obxectivo de preparar entre todos e todas, un novo pleno infantil para o mes de abril.

Ademais, aproveitarei esta xuntanza para darvos conta dos trámites realizados en relación as peticións realizadas no pleno do pasado ano, informarvos dos avances na elaboración do plan municipal de infancia, e tamén para, presentarvos un borrador de regulamento deste órgano de participación infantil que pensamos denominar “consello municipal de infancia”

A intención é que como voceiros/as poidades facer chegar a información ao resto de compañeiros e compañeiras do voso curso, ou do voso centro, para que todos/as poidan facer as aportacións que consideren, de cara poñelas en común co resto de centros nun novo pleno infantil que terá lugar no mes de abril.

Sen mais, recibe un cordial saúdo

Asinado dixitalmente ó marxe